

CONVOCATORIA DE BOLSAS 2023/2024 PARA ESTUDANTES CON NECESIDADES EDUCATIVAS ESPECIAIS ASOCIADAS A DISCAPACIDADE

A Universidade da Coruña convoca **20 bolsas** en réxime de concorrência competitiva, para estudantes con necesidades educativas especiais asociadas a discapacidade matriculados/as nos centros da Universidade da Coruña. Esta convocatoria, que conta cun orzamento de 22.000 euros, axústase ao disposto na Lei 39/2015, de 1 de outubro do procedemento administrativo común das administracións públicas; a Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións; Bases de execución do orzamento da Universidade da Coruña para o exercicio 2023, en canto resulte de aplicación, e a Lei orzamentaria.

OBXECTO DAS BOLSAS

O obxecto das bolsas é a promoción e o apoio ao estudo do alumnado da Universidade da Coruña con necesidades específicas de apoio educativo que teña recoñecida legalmente a condición de persoa con discapacidade. Preténdese deste xeito apoiar o/a estudante cunha contía económica que lle permita afrontar mellor as dificultades relacionadas co estudo na Universidade (barreiras de comunicación, na utilización de materiais de traballo, etc.) que supoñen importantes obstáculos para o desenvolvemento equitativo e o aproveitamento da actividade académica.

Os gastos que poden considerarse obxecto destas bolsas son os seguintes:

- Importe de equipamento/material de apoio
- Axuda de terceira persoa para o desprazamento
- Asistencia persoal para apoio de tarefas académicas
- Servizos profesionais de mellora de condicións físicas e psicolóxicas relacionadas co proceso de ensino-aprendizaxe

É condición indispensable que os gastos presentados na xustificación non estean subvencionados por outro tipo de programas ou axudas.

CONDICIÓNS DAS PERSOAS SOLICITANTES

1. Estar matriculado/a no curso 2023/2024 na Universidade da Coruña, nunha titulación oficial.
2. Ter recoñecida legalmente a condición de discapacidade.

FORMA, PRAZO E LUGAR PARA A PRESENTACIÓN DAS SOLICITUDES

A formalización das solicitudes deberase facer mediante instancia oficial (Anexo I), xunto coa seguinte documentación:

1. Unha copia do impreso de pago das taxas de matrícula do curso académico 2023/2024.
2. Unha copia do expediente académico coas súas cualificacións.
3. Fotocopia do DNI.
4. Documento oficial de recoñecemento legal da discapacidade, expedido polo órgano competente.
5. Unha fotocopia completa cotexada da declaración da renda das persoas físicas referida ao ano 2022. No caso de non presentar declaración de IRPF, deberá presentarse certificado negativo de renda emitido pola AEAT.

6. Breve descrición, en declaración xurada, das dificultades que presenta a persoa solicitante cara ao desenvolvemento da súa actividade académica, indicando a finalidade á que destinaría a bolsa.
7. Declaración xurada onde se indique se se perciben outras axudas, públicas ou privadas, destinadas á mesma finalidade.
8. Certificado do IBAN da conta bancaria onde o/a estudante desexa recibir o ingreso (o/a solicitante debe figurar como titular).
9. Cantos documentos estime conveniente a persoa solicitante e que acrediten a necesidade de acceso á bolsa.

O prazo de presentación de solicitudes comezará a contar a partir do día seguinte ó da publicación da convocatoria na sede electrónica e rematará o 28 de febreiro de 2024.

As solicitudes poden presentarse no Rexistro electrónico da UDC, no Rexistro Xeral da Universidade da Coruña (Maestranza, 9, 15001 A Coruña) ou nos rexistros auxiliares de Elviña (Facultade de Ciencias – Zapateira 15008 A Coruña,) ou do campus de Ferrol (Edificio de Usos Administrativos, rúa Doutor Vázquez Cabrera, 15403 Ferrol). Asemade, poderán presentarse por calquera dos procedementos previstos no artigo 16.4 da Lei 39/2015 de 1 de outubro do procedemento administrativo común das administracións públicas.

PROCEDEMENTO E CRITERIOS PARA A CONCESIÓN DAS BOLSAS

Os criterios de concesión da bolsa serán os resultantes de avaliar:

1. O tipo e alcance da discapacidade acreditada.
2. O grao de interferencia desta no axeitado desenvolvemento das actividades académicas.
3. O expediente académico do/a estudante.
4. A súa situación económica
5. O contar con outras bolsas, públicas ou privadas, destinadas á mesma finalidade.

DOTACIÓN ECONÓMICA E FINANCIAMENTO

A dotación económica total máxima de cada bolsa é de 1.100 euros. O financiamento farase con cargo á partida orzamentaria 0900090010 422D 480.00. Ao importe bruto seralle de aplicación o previsto no artigo 7 do Real Decreto lexislativo 3/2004 de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei do imposto sobre a renda das persoas físicas.

O importe da bolsa realizarase nun único pagamento que se fará efectivo cando se reciba a xustificación, na conta bancaria que sinale o/a estudante. Este pagamento corresponderase co importe dos gastos xustificados pola persoa, ata un máximo de 1.100 euros.

XUSTIFICACIÓN E PAGAMENTO DA BOLSA

Do 1 ao 19 de xullo de 2024 as persoas beneficiarias da bolsa deberán achegar a xustificación, mediante factura, dos gastos realizados relacionados co obxecto desta bolsa. Estes gastos deberán ter sido realizados dende a publicación desta convocatoria ata o 30 de xuño do 2024.

Tipos de gastos que se poderán xustificar:

- Equipamento/material de apoio: Factura do equipamento/material que deberá conter a identificación da persoa solicitante, data de compra, descrición do produto e importe. No caso de non dispor, admitirase como válido o recibo de compra onde se identifiquen os datos da persoa que realizou o pago, o produto, a data e o importe.
- Axuda de terceira persoa para o desprazamento: Factura da empresa/profesional que presta o servizo indicando a persoa beneficiaria, o custe e as horas de traballo.
- Asistencia persoal para apoio de tarefas académicas: Factura da empresa/profesional que presta o servizo indicando a persoa beneficiaria, o custe e as horas de traballo.
- Servizos profesionais de mellora de condicións físicas e psicolóxicas relacionadas co proceso de ensino-aprendizaxe: Factura da empresa/profesional que presta o servizo indicando a persoa beneficiaria, o custe e as horas de traballo.

A xustificación debe presentarse no Rexistro electrónico da UDC, no Rexistro Xeral da Universidade da Coruña (Maestranza, 9, 15001 A Coruña) ou nos rexistros auxiliares de Elviña (Facultade de Ciencias – Zapateira 15008 A Coruña,) ou do campus de Ferrol (Edificio de Usos Administrativos, rúa Doutor Vázquez Cabrera, 15403 Ferrol). Asemade, poderán presentarse por calquera dos procedementos previstos no artigo 16.4 da Lei 39/2015 de 1 de outubro do procedemento administrativo común das administracións públicas.

Para esta xustificación debe empregarse o Anexo II da presente convocatoria.

ÓRGANOS COMPETENTES

A selección realizaraa a Comisión sinalada no Anexo III.

OBRIGAS DAS PERSOAS SELECCIONADAS

As persoas seleccionadas están obrigadas a destinar a contía recibida á finalidade pola que se concede, de acordo co punto 6 do apartado FORMA, PRAZO E LUGAR PARA A PRESENTACIÓN DAS SOLICITUDES.

A presentación da solicitude da bolsa implicará por parte da persoa interesada a autorización á Universidade da Coruña para requirir dos órganos ou administracións pertinentes aqueles datos ou comprobacións que se estimaren oportunas respecto ao cumprimento dos requisitos da convocatoria.

As persoas seleccionadas non adquiren ningunha relación laboral nin administrativa coa Universidade da Coruña.

RESOLUCIÓN DA CONVOCATORIA

Unha vez que remate o prazo de presentación das solicitudes publicárase a relación provisional das solicitudes concedidas e denegadas, xunto coa causa que implica a súa denegación, de ser o caso.

Posteriormente publicárase a relación definitiva das solicitudes concedidas e denegadas.

Todas as listaxes publicaranse no taboleiro electrónico da UDC. Esta publicación, así como os sucesivos actos de procedemento de concesión cuxa publicación se determina nesta convocatoria, cumprirán cos efectos previstos nos artigo 45 da Lei 39/2015 do 1 de outubro de procedemento administrativo común das administracións públicas.

PROTECCIÓN DE DATOS

En cumprimento do artigo 13 do Regulamento (UE) 2016/679, do Parlamento Europeo e do Consello, de 27 de abril, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación destes datos ("Regulamento Xeral de Protección de Datos" ou RXPDP), e do artigo 11 da Lei Orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais (LOPD), informamos que os datos que a persoa interesada facilite mediante a concurrencia a esta convocatoria, serán tratados baixo a responsabilidade da Universidade da Coruña (UDC), sendo os seus datos de contacto Rúa Maestranza 9, 15001, A Coruña, teléfono 981167000, correo electrónico secretariaxeral@udc.gal.

A solicitude dunha axuda para o alumnado con necesidades educativas especiais, implica a aceptación do contido da convocatoria e a autorización para que os seus datos persoais sexan utilizados pola Universidade coa finalidade da correcta xestión das bolsas. Todas as persoas que entren en contacto con estes datos coa citada finalidade cumprirán o deber de confidencialidade establecido no artigo 5 da Lei Orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de Protección de Datos Persoais e Garantía dos Dereitos Dixitais (LOPD).

Mediante a concurrencia a esta convocatoria, a persoa interesada consente expresamente na publicación dos seus datos na resolución da solicitude nos Taboleiros físicos da UDC e dentro do Taboleiro Oficial da Sede electrónica da UDC, na forma prevista na Disposición Adicional 7ª da Lei orgánica 3/2018, de protección de datos persoais. A resolución desta convocatoria permanecerá publicada en tales Taboleiros. Os datos persoais serán conservados mentres resulten necesarios para as finalidades do tratamento e, en todo caso, durante os prazos establecidos pola lexislación vixente, sen prexuízo do previsto en relación co exercicio do dereito de supresión e outros dereitos contemplados na Lei Orgánica de Protección de Datos Persoais.

A persoa interesada consente no tratamento dos datos aos efectos de cumprir coa finalidade descrita nesta convocatoria, e terá dereito a retirar o seu consentimento en calquera momento, sen efectos retroactivos. Ten dereito a solicitar ao responsable do tratamento, en calquera momento, o acceso, rectificación ou supresión dos seus datos persoais e a limitación do seu tratamento. Tamén terá dereito a opoñerse ao citado tratamento, así como a solicitar, salvo casos de interese público e/ou exercicio de poder público, a portabilidade dos seus datos. Tales dereitos poderá exercelos mediante solicitude remitida á seguinte dirección: Secretaría Xeral, Reitoría da Universidade da Coruña, Rúa Maestranza 9, 15001 de A Coruña ou ao correo electrónico secretariaxeral@udc.gal, coa referencia "protección de datos", a través dun escrito firmado ao efecto achegando fotocopia do seu DNI. Igualmente poderá dirixir esta solicitude directamente ao Delegado de Protección de Datos, á mesma dirección postal anteriormente indicada, ou ao correo electrónico dpd@udc.gal. Asemade, vostede ten dereito a presentar unha reclamación ante a Axencia Española de Protección de Datos (AEPD).

A vicerreitora do Campus de Ferrol e Responsabilidade Social
María Jesús Movilla Fernández

ANEXO I**SOLICITUDE DE BOLSAS PARA ESTUDANTES DA UNIVERSIDADE DA CORUÑA
CON NECESIDADES EDUCATIVAS ESPECIAIS ASOCIADAS A DISCAPACIDADE****CONVOCATORIA CURSO 2023-2024****NOME E APELIDOS:****ENDEREZO DURANTE O CURSO:****POBOACIÓN:****CÓDIGO POSTAL:****TELÉFONO:****CORREO ELECTRÓNICO:****ALUMNO/A DA ESCOLA/FACULTADE:****TITULACIÓN:****A Coruña/Ferrol, de de 20__****Asdo.:****DOCUMENTACIÓN QUE SE ACHEGA**

- ☐ COPIA DO IMPRESO DE PAGO DAS TAXAS DA MATRÍCULA
- ☐ COPIA DO EXPEDIENTE ACADÉMICO
- ☐ FOTOCOPIA DO DOCUMENTO NACIONAL DE IDENTIDADE
- ☐ DOCUMENTO OFICIAL DE RECOÑECIMENTO LEGAL DA DISCAPACIDADE, EXPEDIDO POLO ÓRGANO COMPETENTE
- ☐ FOTOCOPIA COMPLETA COTEXADA DA DECLARACIÓN DA RENDA DAS PERSOAS FÍSICAS OU CERTIFICADO EMIITIDO POLA AEAT (EXERCICIO 2021)
- ☐ DECLARACIÓN XURADA DAS DIFICULTADES QUE PRESENTA O ESTUDANTE INDICANDO A FINALIDADE Á QUE DESTINARÍA A BOLSA
- ☐ DECLARACIÓN XURADA ONDE SE INDIQUE SE SE PERCIBEN OUTRAS AXUDAS, PÚBLICAS OU PRIVADAS, PARA A MESMA FINALIDADE
- ☐ CERTIFICADO DA CONTA BANCARIA
- ☐ OUTROS DOCUMENTOS

SRA. VICERREITORA DO CAMPUS DE FERROL E RESPONSABILIDADE SOCIAL

ANEXO II**XUSTIFICACIÓN DE GASTO RELACIONADO COAS BOLSAS PARA ESTUDANTES DA
UNIVERSIDADE DA CORUÑA CON NECESIDADES EDUCATIVAS ESPECIAIS
ASOCIADAS A DISCAPACIDADE****CONVOCATORIA CURSO 2023-2024****NOME E APELIDOS:****ENDEREZO DURANTE O CURSO:****POBOACIÓN:****CÓDIGO POSTAL:****TELÉFONO NA CORUÑA / FERROL OU FAMILIAR:****CORREO ELECTRÓNICO:****ALUMNO/A DA ESCOLA/FACULTADE:****TITULACIÓN:****A Coruña/Ferrol, de de 20__****Asdo.:****XUSTIFICANTES QUE SE ACHEGAN:**

- ☐ IMPORTE DE EQUIPAMENTO/MATERIAL DE APOIO
- ☐ AXUDA DE TERCEIRA PERSOA PARA O DESPRAZAMENTO
- ☐ ASISTENCIA PERSOAL PARA APOIO DE TAREFAS ACADÉMICAS
- ☐ SERVIZOS PROFESIONAIS DE MELLORA DE CONDICIÓNS FÍSICAS E PSICOLÓXICAS RELACIONADAS CO PROCESO DE ENSINO-APRENDIZAXE

SRA. VICERREITORA DO CAMPUS DE FERROL E RESPONSABILIDADE SOCIAL

ANEXO III

COMPOSICIÓN COMISIÓN

María Jesús Movilla Fernández, vicerreitora do Campus de Ferrol e Responsabilidade Social, presidenta

María José Lombardía Cortiña, vicerreitora de Estudantes, Participación e Empregabilidade, vogal

María Bañón Goiriz, representante do alumnado, vogal

Rocío Arias Vázquez, secretaria da vicerreitoría do Campus de Ferrol e Responsabilidade Social, vogal

Sonia María Seijas Ramos, técnica superior do Centro Universitario de Formación e Innovación Educativa, secretaria